# CONTRATO DE TRABALLO PARA TRABALLADORES DESEMPREGADOS COMTEMPLADOS NO ARTIGO 47, APARTADO UN.1.3 E 1.5 DA LEI 53/2002

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
Dirección Xeral de Formación e Colocación

**Duración e xornada:** Código de Contrato

**Indefinidos:**

- ☐ Tempo completo 1 5 0
- ☐ Tempo parcial 2 5 0
- ☐ Fixos discontinuos 3 5 0

**Temporais:**

- ☐ Tempo completo 4 5 0
- ☐ Tempo parcial 5 5 0
  - ☐ Obra ou servicio determinado
  - ☐ Eventual p. circunstancias produc.
  - ☐ Interinidade
  - ☐ Formación (só a tempo completo)
  - ☐ Prácticas
  - ☐ Outros contratos

Selo de rexistro do Servicio Público de Emprego

CIF/NIF

### DATOS DA EMPRESA

| | | |
|---|---|---|
| D/Dª | NIF/NIE | En concepto (1) |
| Nome ou Razón Social da Empresa | Enderezo Social | |
| País | Concello | C. Postal |

### DATOS DA CONTA DE COTIZACIÓN

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Réxime | Cód. prov. | Número | Díx. control | Actividade Económica |

### DATOS DO CENTRO DE TRABALLO

| | |
|---|---|
| País | Concello |

### DATOS DO/DA TRABALLADOR/A

| | | |
|---|---|---|
| D/Dª | NIF/NIE | Data de nacemento |
| Nº afiliación á S.S. | Nivel formativo | Nacionalidade |
| Concello do enderezo | País enderezo | |

Coa asistencia legal, no seu caso, de D/Dª ..........................................................................................................

.......................................................... N.I.F./N.I.E. ....................................................................., en calidade de (2) ..............................................................

## D E C L A R A N

A) ☐ Que o traballador está desempregado e atópase incluido nalgunha das situacións contempladas no apartado Un.1.3 do artigo 47 da Lei 53/2002, que acredita mediante certificación emitida polos Servicios Sociais Municipais de ..........................................(3) pertencendo ó colectivo de(4): ☐ a ☐ b ☐ c ☐ d ☐ e ☐ f, recollido no citado apartado.

B) ☐ Que o traballador ten acreditada por ..........................................................................................(3) a condición comtemplada no apartado Un.1.5., do artigo 47 da Lei 53/2002.

Reunindo, polo tanto, os requisitos do R.D./Lei...............................(5) ámbalas partes acordan formaliza-lo contrato (5) ...................................................

de acordo coas seguintes:

## C L Á U S U L A S

Primeira: O/a traballador/a prestará os seus servicios como (6) ..........................................................................................................
Incluido no grupo profesional, categoría ou nivel profesional de ..........................................................................................................,
de acordo co sistema de clasificación profesional vixente na empresa, no centro de traballo situado en............................................................................
..........................................................................................................................................

Segunda: No caso de que o contrato se concerte para realizar traballos periódicos de carácter discontinuo consistentes en (7) .......................................
dentro da actividade cíclica intermitente de (8)....................................................................., que a súa duración é de (8)...................................................

A duración estimada da actividade será de (9) .......................................................... Os traballadores chamaranse na orde e forma que se determine no Convenio Colectivo de .................................................. A xornada estimada dentro do período de actividade será de ...................., e a súa distribución horaria será de ......................., a..................................

Terceira: A xornada ordinaria de traballo será de:

☐ **A tempo completo**: A xornada de traballo será de..........................horas semanais, prestadas de........................a .....................cos descansos que establece a Lei.

☐ **A tempo parcial**: A xornada de traballo será de .............................horas: Ó día ☐ Á semana ☐ Ó mes ☐ Ó ano ☐ sendo esta xornada inferior a (marque cun X o que corresponda).

☐ A dun traballador a tempo completo comparable.
☐ A xornada a tempo completo prevista no Convenio Colectivo de aplicación.
☐ A xornada máxima legal.
Que é de .....................................................horas (10)

Sinálese se existe ou non pacto sobre a realización de horas complementarias (11): SI ☐ NON ☐

A distribución do tempo de traballo será ..........................................................................................................................................................................................................................................................................................

Cuarta: A duración do presente contrato será(12)........................................, e estenderáse desde ..........................., ata ........................ e establécese un período de proba de (13) .............................................................................. No caso de que o convenio colectivo permita unha duración maior á establecida legalmente, sináleo cun X . O obxecto do presente contrato é (14) ............................................................................................................................

Quinta: O/A traballador/a percibirá unha retribución total de ................................................................, euros brutos (15) ....................................................................... que se distribúen nos seguintes conceptos salariais (16) ..........................................................................................................................................................

Sexta: A duración das vacacións anuais será de (17) ..........................................................................................................................................................

Sétima: No caso de contrato indefinido, aplicaráselle a Disposición Adicional Primeira da Lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. do 10 de xullo):
SI ☐ NON ☐
No caso afirmativo, e se o empregador reúne os requisitos e non se atopa nalgunha das causas de exclusión da citada Disposición, sinale o colectivo ó que pertence o traballador:

☐ Mozos dende 16 ata 30 anos de idade, ambos inclusive.
☐ Mulleres desempregadas cando se contraten para prestar servicios en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego feminino.
☐ Maiores de 45 anos de idade.
☐ Parados que leven, alomenos, seis meses inscritos como demandantes de emprego.
☐ Minusválidos.

Oitava: No suposto de responder afirmativamente á anterior cláusula, cando o contrato se extinga por causas obxectivas e a extinción sexa declarada improcedente, a contía da indemnización á que se refire o artigo 53.5 do Estatuto dos Traballadores, na súa remisión ós efectos do despido disciplinario previstos no artigo 56 do mesmo texto legal, será de 33 días de salario por ano de servicio, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e ata un máximo de 24 mensualidades.

Novena: No caso de contrato temporal, ó remate do contrato, excepto nos casos de contrato de interinidade e contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización económica dunha contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de abonar 8 días de salario por cada ano de servicio, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

Décima: Ó presente contrato formalízase baixo a modalidade de contrato de relevo: SI ☐ NON ☐
No caso afirmativo, cumprimenta-lo anexo “Contrato de relevo”.

Undécima: Reunindo os requisitos e condicións establecidos no artigo 47 da Lei 53/2002, de 30 de decembro (B.O.E. do 31 de decembro), a empresa ou entidade sen ánimo de lucro bonificarase nas cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns nun 65 por 100 durante a vixencia do contrato, cun máximo de 24 meses (18). Dita bonificación incrementarase en 10 puntos, cando a contratación se realice con mulleres desempregadas a tempo completo.

Duodécima: En todo o non previsto neste contrato, estarase á lexislación vixente que resulte de aplicación e, en particular, ó disposto no Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995 de 24 de marzo (B.O.E. do 29 de marzo) Lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. do 10 de xullo) e artigo 47 da Lei 53/2002, de 30 de decembro (B.O.E. do 31 de decembro). Así mesmo, aplicaráselle o disposto no Convenio Colectivo de ..........................................................................................................................................................

Decimoterceira: O contido do presente contrato comunicarase ó Servicio Público de Emprego de.................................................................................................... no prazo dos 10 días seguintes á súa concertación.

Décimocuarta: Ámbalas partes comprométense a comunica-lo remate da relación laboral ó Servicio Público de Emprego cando éste se produza, de conformidade co establecido no artigo 42.3 da Lei 51/1980 de 8 de outubro, Básica de Emprego.

**CLÁUSULAS ADICIONAIS**

E para que conste, esténdese este contrato por triplicado exemplar no lugar e data a continuación indicados, asinando as partes interesadas

En ......................................................................................... a ................................................................. de ................................................................................., de 20 ............

O/A traballador/a

O/A representante da empresa

O/A representante legal do/da menor, se procede

(1) Director/a, Xerente, etc.
(2) Pai, nai, titor/a ou persoa ou institución que o/a teña ó seu cargo.
(3) Indica-lo organismo oficial que emite a certificación.
(4) Marca-la casilla que corresponda, de acordo cos colectivos descritos no art. 47.Un.1.3 da Lei 53/2002.
(5) Indica-la lexislación e a modalidade contractual a que se acollen as partes.
(6) Indica-la profesión.
(7) Indica-la actividade a desenvolver polo traballador.
(8) Indica-la actividade fixa discontinua ou de temporada da empresa e a súa duración.
(9) Indica-la duración da actividade a desenvolver polo traballador.
(10) Indique o número de horas que corresponde á xornada a tempo completo, no caso de indefinidos, e só en caso de solicitar subvencións establecidas na O.M. de 15-07-99 (B.O.E. do 31 de xullo).
(11) No caso afirmativo, achegue o anexo sobre as horas complementarias (só para contratos por tempo indefinido).
(12) Por tempo indefinido ou por tempo determinado.
(13) Respectarase, en todo caso, o disposto no art. 14.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por R. D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. do 29 de marzo).
(14) Indicar con claridade a causa da obra ou servicio. No caso de interinidade, indica-lo suposto.
(15) Diarios, semanais, mensuais.
(16) Salario base, complementos salariais, pluses.
(17) Mínimo: 30 días naturais.
(18) Cando un mesmo traballador celebre distintos contratos de traballo, xa sexa cunha mesma entidade ou con outra distinta, con ou sen solución de continuidade, aplicarase igualmente o máximo de 24 meses desde a data inicial do primeiro contrato.